



CONCELLO
DE
MEIS
(PONTEVEDRA)

R.E.L. Nº 01360280
C.I.F. Nº P-3602800-I
C. Postal 36637
Teléfono: 986 71 20 01
Fax: 986 71 53 00
correo@concellodemeis.com
www.concellodemeis.com
www.meis.es

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA CELEBRACION DE VODAS CIVÍS NO CONCELLO DE MEIS

Artigo 1º. Natureza e fundamento

De conformidade co disposto no artigo 57 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e segundo as normas contidas na sección 3ª do capítulo I da citada Lei e en virtude do artigo 15, establécese, neste termo municipal, unha Taxa pola prestación dos servizos de carácter administrativos e protocolarios que se prestan con motivo da celebración de vodas civís no Salón de Plenos, ou fóra da Casa Consistorial, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito Impoñible

Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación dos servizos de carácter administrativos e protocolarios que se presten con motivo da celebración das vodas civís no Salón de Plenos ou fóra da Casa Consistorial.

Artigo 3º. Remuneración

Devengarse a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento de formalización da correspondente solicitude de celebración de voda civil, ou da solicitude de reserva de día e hora.

Artigo 4º. Suxeitos Pasivos

Serán suxeitos pasivos desta taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeneral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

Artigo 5º. Exencións e Bonificacións

Non se reconecerán máis beneficios fiscais que os derivados de normas con rango de Lei ou da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 6º. Bases e Tarifas

- Establécese unha tarifa de 120 €por voda
- Establécese unha tarifa de 90 €por voda, cando un ou ambos os dous cónxuxes estea empadroado no municipio.
- Establécese un incremento da tarifa de 50 €por celebración que se realice fóra da Casa Consistorial.

Artigo 7º. Liquidación e ingresos

1. O pagamento desta taxa efectuarase, mediante autoliquidación, no momento da presentación da correspondente solicitude de celebración.
2. En caso de non celebración da voda, por motivos imputables ao suxeito pasivo, a taxa quedará reducida ao 50 por 100.

Artigo 8º. Normas de Xestión



CONCELLO
DE
MEIS
(PONTEVEDRA)

R.E.L. Nº 01360280
C.I.F. Nº P-3602800-I
C. Postal 36637
Teléfono: 986 71 20 01
Fax: 986 71 53 00
correo@concellodemeis.com
www.concellodemeis.com
www.meis.es

1. Os interesados na celebración de matrimonio civil deberán presentar a seguinte documentación:

- Impreso de solicitude asinado por ambos os dous cónxuxes.
- Fotocopia D.N.I. dos cónxuxes e de dúas testemuñas maiores de idade.
- Auto do Xuíz de 1ª Instancia ou Xulgado de Paz do municipio autorizando a voda no Concello de Meis.
- Resgardo xustificativo do pagamento da taxa mediante autoliquidación.

2. O día e hora do matrimonio civil serán fixados no momento en que se presente a documentación requirida, debendo ser entregada cun mínimo de dez días antes da cerimonia.

Disposición Final

A Presente Ordenanza comezará a rexer a partir do día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincial, sen interrupción, en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.